

ORDENANZA FISCAL Nº. 2: REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1º .

De conformidade co previsto no artigo 96.5 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Imposto esixirase con arreglo ás cotas do cadro de tarifas contidas no apartado 1 do mesmo artigo.

Artigo 2º . Bonificacións.

De acordo co artigo 96.6 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais establécese unha bonificación do 50% para os vehículos cunha antigüidade mínima de 25 anos.

Artigo 3º .

O pago do imposto acreditarase mediante a declaración-liquidación ou o recibo, debidamente validado pola Entidade recadadora.

Artigo 4º .

1. No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán nos lugares que determine a Deputación Provincial de A Coruña, no prazo de trinta días a contar da data da adquisición ou reforma, declaración-liquidación por este imposto segundo o modelo aprobado pola mesma Corporación, ó que se acompañará a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2. Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do Imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto.

Artigo 5º .

1. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se atopen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste término municipal.

2. O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ó público anualmente para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formula-las reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 6º .

En relación coa exención dos vehículos de minusválidos prevista no parágrafo 2º da letra e) do apartado 1º do art. 94 da Lei 39/88, de 28 de decembro, o interesado deberá aportar o certificado da minusvalía emitido polo órgano competente, xustificando debidamente o destino do vehículo.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación dende o día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.